

Campaña de Vixilancia da Saúde do Persoal de Centros Docentes 2017/2018

Preguntas frecuentes

¿Teño dereito á revisión médica?

Teñen dereito á revisión médica:

1. **O persoal docente**, funcionario de carreira, funcionario en prácticas, ou funcionario interino, así como o **persoal non docente, funcionario de carreira, funcionario en prácticas, ou funcionario interino, e persoal laboral indefinido**, destinados *en centros docentes públicos* non universitarios dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
2. **O persoal docente**, funcionario de carreira, funcionario en prácticas, ou funcionario interino, así como o **persoal non docente, funcionario de carreira, funcionario en prácticas, ou funcionario interino, e persoal laboral indefinido**, destinados en *centros de formación do profesorado* da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
3. **O persoal docente**, funcionario de carreira, funcionario en prácticas, ou funcionario interino, así como o **persoal non docente, funcionario de carreira, funcionario en prácticas, ou funcionario interino, e persoal laboral indefinido**, destinados en Centros residenciais docentes de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
4. **O persoal docente** funcionario de carreira, funcionario en prácticas, ou funcionario interino destinados en centros educativos nos que exista un *Convenio de Colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria* para impartir ensinanzas reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio de educación, ou para cubrir postos en prazas sometidas a convenio ou a programas específicos desta Consellería (Hospital Arquitecto Macide, Hospital Meixoeiro, H.Provincial de Pontevedra, H.Psiquiátrico de Conxo, CHUS Santiago, Asociación de Disminuídos Psíquicos de Santiago de Compostela; Centro P. Esc especialistas Antonio Escaño; Centros P. Esc Especialistas Estación Naval A Graña, Centro Santo Anxo de Rábade; EPAPUS das Institucións Penitenciarias...)
5. **O persoal docente substituto e o persoal non docente substituo ou laboral temporal** que leve polo menos 65 días traballados no presente curso académico (2017/2018).

Son persoal docente e non docente substituto ou laboral temporal e quero solicitar a revisión ¿Cando podo solicitala? Cómputo do prazo do requirimento dos 65 días traballados sen interrupción

Os 65 días ininterrompidos requiridos para poder solicitar a revisión comencan a contar dende o seu nomeamento posterior ao de 1 de setembro do 2017 polo que, por exemplo:

Se o seu nomeamento fose o 1 de setembro cumpriría os 65 días o 5 de novembro e o prazo para solicitar a revisión abririase a partir do día 1 do mes seguinte ao que cumpre o tempo, é dicir do 1 ao 20 de decembro do 2017.



¿Como e onde se solicita a revisión médica?

A revisión médica só se pode solicitar electrónicamente a través da seguinte web:

<https://revisiomedicaeducacion.xunta.gal>

¿Que credenciais necesito para solicitar a revisión médica?

Para facer a solicitude é necesario que coñeza a súa conta de correo electrónico da Consellería de Educación así coma a contrasinal. A conta de correo electrónico da Consellería de Educación remata en @edu.xunta.es

Se ten algunha dúbida de cal é a súa conta de correo electrónico de educación póñase en contacto coa Unidade de atención a centros (UAC):

- **Teléfono:** 881 99 77 01
- **Fax:** 881 99 77 88
- **Correo electrónico:** uac@edu.xunta.es

Non teño conta de correo electrónico da Consellería de Educación ¿Cómo podo solicitala?

Se vostede ten dereito á conta de correo electrónico e na base de datos da Consellería de Educación figura outra conta de correo electrónico de contacto ou o seu teléfono móbil entón terá que facer o seguinte:

1º Ir a <https://www.edu.xunta.es/contausuario>

Opción de menú Conta > Solicitar pin

2º Enviaraselle un PIN ao seu correo electrónico de contacto e senón o tivese enviaraselle un sms ao seu móbil que figura nna base de datos da Consellería de Educación

3º Unha vez recibido o PIN debe ir a opción de menú Conta > Activar conta

Para crear a conta é imprescindible que na base de datos da Consellería de Educación figure unha conta de correo electrónico de contacto e/ou un teléfono móbil ao que lle enviar o número PIN. De non figurar algún destes datos non habería forma de enviarlle o PIN para activar a conta.

Se aínda así non pode crear a conta de usuario póñase en contacto coa Unidade de atención a centros (UAC):

- **Teléfono:** 881 99 77 01
- **Fax:** 881 99 77 88
- **Correo electrónico:** uac@edu.xunta.es



No caso de que non figurasen os meus datos de correo electrónico de contacto ou teléfono móbil ¿Que debería facer para que estes datos se cargasen na base de datos?

Debería poñerse en contacto co departamento de persoal da Xefatura Territorial da que depende para que lle cargasen os datos na base de datos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Non me lembro da contrasinal do meu correo electrónico de Educación ¿Como podo cambiala?

Se non se lembra da contrasinal debe establecer unha contrasinal nova na seguinte web:
<https://www.edu.xunta.es/contausuario>

Menú conta > cambiar contrasinal

Se aínda así non pode cambiar a contrasinal póñase en contacto coa Unidade de atención a centros (UAC):

- **Teléfono:** 881 99 77 01
- **Fax:** 881 99 77 88
- **Correo electrónico:** uac@edu.xunta.es

Teño caducada a contrasinal do meu correo electrónico de Educación ¿Como podo cambiala?

Se ten caducada a contrasinal debe establecer unha contrasinal nova na seguinte web:
<https://www.edu.xunta.es/contausuario>

Menú conta > cambiar contrasinal

Se aínda así non pode establecer unha nova contrasinal póñase en contacto coa Unidade de atención a centros (UAC):

- **Teléfono:** 881 99 77 01
- **Fax:** 881 99 77 88
- **Correo electrónico:** uac@edu.xunta.es

Como podo cambiar a data da cita

So poderá cambiar a data da cita unha soa vez, e sempre e cando falten mais de 5 días ata a data inicialmente escollida.

Unha vez modificada, so poderá anulala, pero non volver a cambiala.

Se faltan menos de 5 días para a cita concertada nunca poderá mudar esta.



Considero que teño dereito á solicitude de cita pero a aplicación dime que non. Que fago ?

Se vostede é un traballador da Consellería de Presidencia e está desprazado nun centro educativo e a aplicación di que non está incluído no colectivo.

1º - Póñase en contacto coa dirección do seu centro para comprobar que este é un centro educativo sobre os que a Consellería de Educación realiza o servizo de revisión médica.

2º – En caso de si estar dentro dos centros incluídos na realización póñase en contacto coa Unidade de atención a centros (UAC):

- **Teléfono:** 881 99 77 01
- **Fax:** 881 99 77 88
- **Correo electrónico:** uac@edu.xunta.es

Tiña solicitado cita pero esquecín a data solicitada. Que fago ?

Dende a aplicación, vostede pode acceder á opción “Consultar Cita”. Na que pode ver os datos da súa solicitude e incluso poder imprimir o xustificante para presentar na clínica.

Podo anular a cita que teño solicitada ?

Si, dende a opción “Anular Cita” vostede pode validarse e anular a cita solicitada. Pero ao anulala non volverá a poder solicitar cita para a campaña vixente.

A aplicación non se mostra correctamente. Que fago ?

Se considera que a páxina non se visualiza correctamente o primeiro que debe facer é pechar o navegador co que a está accedendo e volver a a acceder á páxina web co mesmo ou outro navegador.

Se aínda así persiste o problema, o máis probable é que non teña actualizadas as versións dos navegadores e sexa incompatible coa aplicación.

Se pode intente abrir a aplicación dende outro ordenador distinto.

Se o problema sigue persistindo póñase en contacto coa Unidade de atención a centros (UAC):

- **Teléfono:** 881 99 77 01
- **Fax:** 881 99 77 88
- **Correo electrónico:** uac@edu.xunta.es